


24 de abril de 2020

2º Primaria

NATURAIS

Bos días chic@s!! Chegamos unha vez máis ao venres, iso quere dicir que superamos outra semaniña máis e que queda moito menos para volver a vernos! Ben, hoxe imos comezar tema novo, xa que o tema 4 o traballamos no cole e estivemos estas semaniñas repasándoo. Nel aprendemos: as partes que ten unha planta, como fabrican o alimento as plantas, como reaccionan aos cambios de tempo, que nacen a través das sementes, que son moi importantes na vida, os medios naturais... Se queredes enviarme o que fustes facendo antes de ter o correo para que o corrixa podedes facelo ao igual que mandarme todas as dúbidas que teñades sobre o tema.

Ben, despois de todo, comezamos o **tema 5** que se chama "Facemos ciencia coa materia e a enerxía". E para empezar, imos responder a unha serie de preguntas como fixemos en sociais, unha chuva de ideas para saber o que coñecemos, recordade non se pode mirar nada do tema.



Lembrede gardar as respostas para cando rematemos o tema. Por último, dicir que onte foi o día internacional da Terra, por iso déixovos un enlace dunha canción. Escoitade atentamente e observade o vídeo, despois contestade.

<https://www.youtube.com/watch?v=xSkFBKh5h10>

- Que opinades?
- Deberíamos cambiar algo?
- Que sentides despois de escoitala?



Moito ánimo!! =)

PLÁSTICA